

ANEXO III

2018/CP/146

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**AXUDA**

Referencia: RTC-2017-5908-7

Título: STEPS. Soluciones Tecnológicas para la Evolución en la Prestación de Servicios en campo.

CENTRO: Facultade de Informática

OBJECTO DO CONTRATO:

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Facultade de Informática, de luns a xoves 9:00-14:00 / 16:00-19:00; venres 9:00-14:30

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUGTécnico de apoio á investigación ☒Axudante de apoio á investigación ☐Técnico administrativo ☐Axudante administrativo ☐

XORNADA

Tempo Completo: ☒Tempo Parcial: ☐

DURACIÓN

2 meses prorrogables

DATA APROX. DE INICIO

01/11/2018

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.250€/mes (incluída parte proporcional de paga extraordinaria)

PARTIDA ORZAMENTARIA: 6140210631 541A 6490200

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Enxeñeiro/Graduado en Informática ou similar

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sala de reunións 0.2 da Facultade de Informática

PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC


ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Comisión constituída por: Susana Ladra, Oscar Pedreira e Miguel Rodríguez

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Facultade de Informática, planta 1ª

A Coruña/Ferrol, 11 de setembro de 2018

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL


Asdo.: Susana Ladra González**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

TAREFAS A REALIZAR

A persoa seleccionada nesta convocatoria colaborará en tarefas recollidas no proxecto STEPS (*Soluciones Tecnológicas para la Evolución en la Prestación de Servicios en campo*), que ten como obxectivo xeral o desenvolvemento dun conxunto de solucións tecnolóxicas innovadoras que actúen de facilitadoras do proceso de transformación dixital para as empresas prestadoras de servizos expertos en campo (*expert field services*).

Máis concretamente, a persoa seleccionada participará no desenvolvemento de funcionalidades avanzadas de interacción en tempo real que permitan aos técnicos en campo recibir asistencia remota doutros técnicos ou expertos para a resolución de incidencias, mediante:

- Comunicación remota por vídeo e audio en tempo real.
- Instrucións interactivas.

XUSTIFICACIÓN DA DURACIÓN DO CONTRATO

O presente contrato ten unha duración inicial de 2 meses, nos que se levará a cabo o estudo do estado da cuestión en tecnoloxías e funcionalidades de interacción remota existentes en aplicacións móbiles, profundando especialmente no aspecto do *streaming* de vídeo en tempo real. Este contrato poderá ser prorrogado 3 meses máis, correspondentes á implementación e probas das técnicas seleccionadas.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- Enxeñeiro/Graduado en Informática ou similar.
- Coñecementos de contornas de desenvolvemento informático relacionados co contrato, especialmente en tecnoloxías de transmisión de vídeo e audio en *streaming*.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS

- Expediente académico da titulación de Grao ou equivalente cursada: ata 4 puntos.
- Coñecementos demostrables en desenvolvementos informáticos utilizando tecnoloxías relevantes para a convocatoria (tecnoloxías de transmisión de vídeo e audio en *streaming*): ata 5 puntos. Poderase dar ata 2,5 puntos por ano de experiencia en actividades ou proxectos onde o candidato acredite a utilización de ditas tecnoloxías.
- Entrevista persoal, en caso de considerarse necesaria: ata 3 puntos. Valoraranse as cualidades persoais do candidato, así como a motivación para a realización das actividades de investigación no marco dun plan de formación investigador (mestrado, tese,...).



Asdo. Susana Ladra González

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*